

*Resolución do 11 de xuño de 2010 pola que se corríxen os erros que foron advertidos na Resolución do 14 de abril de 2010 pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Química.*

Advertido un erro no punto 1.3 plan de estudos resumido por curso académico, Cuarto curso, da Resolución do 14 de abril de 2010, pola que se publica o plan de estudos de graduado ou graduada en Química da Universidade da Coruña, esta reitoría, segundo o que dispón o artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, rectifica e publica o dito erro da forma que se indica:

Na táboa correspondente ao cuarto curso na materia: Ambiente e Calidade, onde di:

Materia	Carácter	Créditos
Ambiente e Calidade	OP	4,5

Debe dicir:

Materia	Carácter	Créditos
Medio Ambiente e Calidade	OP	4,5

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 30 de xuño de 2010, da Dirección Xeral Centros e Recursos Humanos, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional, convocados pola Orde do 16 de marzo de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 5 de abril).*

A base común 9.3º da Orde do 16 de marzo de 2010 pola que se convocaban procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos citados corpos na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funciona-

rios ou persoal laboral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que esta será publicada nesta consellería, nos seus departamentos territoriais e no seu enderezo da internet:

<http://www.edu.xunta.es>.

En consecuencia, esta dirección xeral

#### DISPÓN:

Primeiro.-Facer públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de música e artes escénicas, e profesores técnicos de formación profesional, convocados pola Orde do 16 de marzo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 5 de abril). Esta publicación farase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos e na páxina web (<http://www.edu.xunta.es>).

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá presentarse reclamación, no prazo de cinco días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

*Anuncio do 30 de xuño de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións como profesores especialistas en ensinanzas deportivas, na especialidade de baloncesto.*

Primeiro.

Comunícase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para cubrir prazas de profesores especialistas en ensinanzas deportivas, especialidade de baloncesto.

Titulación: técnico deportivo superior en baloncesto ou equivalente (adestrador nacional) con experiencia como adestrador. Terán preferencia os que, ademais, sexan licenciados na actividade física e o deporte ou equivalente (INEF).

Segundo.-*Prazo de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos seus departamentos territoriais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.